



## BASES VENRES NEGRO 2023

A Asociación de Empresarios de Santa Comba organiza o **VENRES NEGRO** para os días **23, 24 e 25 de novembro de 2023**, coa finalidade de incentivar as compras no comercio e hostalería asociada nesas días de referencia.

- Poderán participar tódolas empresas asociadas á Asociación de Empresarios de Santa Comba.
- A organización fará entrega a cada local participante de papeletas, globos vermellos e negros para colocar na fachada ou no escaparate e cartel identificativo
- Cada local participante deberá dispoñer dunha **urna** de cartón ou similar na cal se introducirán as papeletas co **nome, apelidos e teléfono de contacto dos clientes**. É indispensable anotar nas papeletas o contacto dos clientes para avisalos no caso de que sexan premiados.
- O luns 27 e martes 28 de novembro a organización recollerá tódalas papeletas de cada un dos establecementos participantes.
- Sortearanse **vales de compra por importe total de 200€** repartidos en 10 vales de compra de 20€ cada un.
- O **mércoles 29 de novembro sen hora por determinar realizarase o sorteo en directo** desde as redes sociais da Asociación e así mesmo contactarase con cada un dos premiados.
- **Os premiados recollerán os seus vales na oficina da Asociación** sita na Rúa Pontevedra nº 9 entrecán de luns a venres de 09:30 a 15:00 h. **antes do 15 de decembro de 2023**.
- Os vales de compra **só poderán canxearse nas empresas asociadas**. O **último día para canxear** os vales de compra é o **31 de decembro de 2023**.
- Non poderán participar os titulares nin familiares directos, nin empregados nas papeletas do seu establecemento, pero sí o poderán facer no resto de empresas participantes no Venres Negro.
- No caso de que o premiado cun vale de compra sexa menor de idade, deberá de vir acompañado polo seu titor legal para recoller o premio.
- A organización realizará unha publicación gráfica nas redes sociais para dar visibilidade a campaña no momento da recollida dos premios.
- **www.comerciodesantacomba.com** As empresas participantes deberán enviarnos 3 ofertas ou descontos máis chamativos do seu comercio, á seguinte dirección de correo electrónico [correo@empresariosdesantacomba.com](mailto:correo@empresariosdesantacomba.com) ou por WhatsApp ao 633181817, adxuntando fotos, descrición e porcentaxe de desconto para subir á web indicada para este evento. Tamén poden ofertar un desconto xenérico para tódolos produtos.
- **IMPORTANTE: A data límite para comunicar a participación e enviar os descontos, xunto coas fotos é o venres 10 de novembro.**
- A participación na campaña do Venres Negro supón a aceptación destas bases.

Diego Vilas Boga  
Presidente

Santa Comba, 10 de Outubro de 2023.